



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O DÍA
VINTENOVE DE DECEMBRO DE DOUS MIL ONCE.**

NÚM. 14/2011

<p><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></p> <p><u>ALCALDE-PRESIDENTE</u> D. Javier Jorge Castiñeira.</p> <p><u>CONCELLEIROS</u> D. Manuel Pavón López. D^a Mercedes Josefina González Alonso. D^a María Teresa López Rego. D. Pedro José Fernández Manín. D. José María García Rivera. D. José Ramón Val Alonso. D^a Rosa María Pérez Gradaille. D. Enrique Cotarelo García. D. Jaime Cancio Rodríguez. D^a Ana María López Campoamor. D^a María Ángeles Veiga Varela. D. Xan Carlos González Basanta.</p> <p><u>INTERVENTOR</u> D. Luis Ramón Vázquez Parga.</p> <p><u>SECRETARIA- en réxime de acumulación</u> D^a Ana Ramos Ramos.</p>	<p>No Salón de Plenos da Casa Consistorial de Foz, sendo as 20:30 horas do vintenove de decembro de 2011, baixo a presidencia de D. Javier Jorge Castiñeira, e asistido pola secretaria da Corporación en réxime de acumulación, D^a Ana Ramos Ramos, que da fe do acto, e o interventor municipal D. Luis Ramón Vázquez Parga, se reúnen os Srs. Concelleiros relacionados, membros todos do Pleno, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión ordinaria prevista para o día de hoxe, e de acordo co seguinte orde do día.</p>
--	--

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 24 DE NOVEMBRO DE 2011.

Pola Presidencia se pregunta aos membros presentes do Pleno se teñen que formular algunha observación á acta da sesión celebrada o día 24/11/11, e que foi oportunamente distribuída coa convocatoria.

Non habendo outras intervencións, toma a palabra o Sr. Alcalde para indicar que no punto 7 do pleno anterior no punto correspondente á moción presentada polo grupo UNIFOZ, o Alcalde dixo que as deputacións teñen tamén competencias en servizos sociais e contase con que dende a deputación envíese unha persoa máis, e no mesmo debate o Sr. Val do PSdeG-PSOE indica que a Deputación non ten competencia en servizos sociais, ao que o Sr. Alcalde indica que no seguinte Pleno terá que demostrar o partido socialista que a deputación non ten competencias en servizos sociais. A este respecto o Sr. Alcalde insta a ratificar o indicado no pleno anterior polo Sr. Val, ao que o concelleiro referencia as competencias das deputacións provinciais na lei de bases de réxime local así como na lei de servizos sociais de Galicia do ano 2008, o Sr. alcalde da lectura á lei de servizos sociais de Galicia no punto correspondente ás competencias das deputacións, sobre as competencias sobre o servizo de axuda no fogar. O Sr. Val ratifica o indicado no pleno anterior matizando que as competencias municipais é sobre as que a deputación actúan con asistencia económica ou técnica.

O Sr. Rivera solicita unha cuestión de orde que non é autorizada polo Sr. Alcalde, que amonesta ao Sr. concelleiro, reiterando este último a solicitude da presentación da cuestión de orde.



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

Non habendo mais intervencións, queda aprobada por unanimidade dos membros presentes a acta da citada sesión, ordenando a súa transcripción ao Libro de Actas, segundo o disposto polo artigo 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

2.- RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA DITADAS DENDE O DÍA 21/11/11 AO 26/12/11.

Aos efectos previstos no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, se da conta ao Pleno da Corporación das Resolucións ditadas pola Alcaldía-Presidencia dende o día 21/11/11 ao 26/12/11e que foron postas de manifesto á Secretaria, quedando enterados os señores asistentes.

3.-APROBACIÓN DEFINITIVA ESTUDIO DE DETALLE DE DETERMINACION DE ALINEACION OESTE DUN TRAMO DA TRAVESIA DE COLON, COMPRENDIDO ENTRE AS RÚAS EMILIA PARDO BAZÁN E MARIÑEIRO CHILA, PROMOVIDO POR RESTAURANTE A MAREXADA, S.L.

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de obras e urbanismo en sesión celebrada o 22 de decembro de 2011, que no seu literal indica:

“1.-APROBACIÓN DEFINITIVA ESTUDIO DE DETALLE DE DETERMINACION DE ALINEACION OESTE DUN TRAMO DA TRAVESIA DE COLON, COMPRENDIDO ENTRE AS RÚAS EMILIA PARDO BAZÁN E MARIÑEIRO CHILA, PROMOVIDO POR RESTAURANTE A MAREXADA, S.L.

Aprobado inicialmente por Resolución de Alcaldía de data 17/10/2011 o Estudo de Detalle de determinación da alineación oeste dun tramo da Travesía de Colón, comprendido entre as Rúas Emilia Pardo Bazán e Mariñeiro Chila, que foi sometido a información pública durante o prazo de 20 días segundo anuncio publicado no Diario Oficial de Galicia n.º 220 de data 17/11/2011 e anuncio aparecido no xornal El Progreso de data 22/10/2011. Así mesmo foi outorgada audiencia aos interesados por prazo de 20 días.

Visto que no período de información pública foron presentadas as seguintes alegacións:

- *D. José Ramón Varela Puga (RE nº 6800 do 15/12/2011), conforme ao certificado de Secretaria emitido o día 15 de decembro de 2011.*

Visto que se informou polos Servizos Técnicos desta Corporación sobre as alegacións e que se realizaron as adaptacións que se derivan das mesmas, a medio de informe do Arquitecto municipal de data 19/12/2011.

Unha vez rematado o turno de debate pola Alcaldía-Presidencia sométese a votación o asunto do epígrafe, co seguinte resultado, e conforme ao literal que se transcribe:

*Votos a favor: 4 (2 PP, 2 UNIFOZ,)
Abstencións: 3 (2 PSdeG-PSOE e 1 BNG)
Votos en contra: ningún*

PRIMEIRO. Desestimar a alegación presentada por D. José Ramón Varela Puga en relación co expediente de aprobación de Estudo de Detalle polos motivos expresados no informe dos Servizos Técnicos de data 19/12/2011 que se transcribe no seu literal:



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)


Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

INFORME TÉCNICO	
ASUNTO:	ESTUDIO DE DETALLE DE DETERMINACIÓN DA ALINEACIÓN OESTE DUN TRAMO DA TRAVESÍA DE COLON COMPRENDIDO ENTRE AS RÚAS EMILIA PARDO BAZÁN E A RÚA MARIÑEIRO CHILA
PROMOTOR:	RESTAURANTE MAREXADA S.L. C.I.F. B-27169077 Dirección: Vigo nº19. Vilaronte.

En relación co asunto de referencia vistas as alegacións presentadas por D. José Ramón Varela Puga (registro de entrada nº6800 de 15 de decembro de 2011) o técnico municipal que subscribe

INFORMA:

O obxecto do estudo de detalle é a sinalización con mais concreción sobre a planimetría actualizada da alineación fixada das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal para a parte oeste do tramo da travesía de colon que discorre entre as rúas Emilia Pardo Bazán e Mariñeiro Chila.



O estudo de detalle clarifica e concreta a alineación oeste do tramo sinalado da travesía de colon axustándose ao grafado na cartografía das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal (que foron aprobadas definitivamente pola Comisión Superior de Urbanismo de Lugo en data 11/11/1981).

E o informe que se emite, sen prexuízo doutro mellor fundado.

SEGUNDO. *Aprobar definitivamente o Estudo de Detalle referido a determinación da alineación oeste dun tramo da Travesía de Colón, comprendido entre as Rúas Emilia Pardo Bazán e Mariñeiro Chila.*

TERCEIRO. *Publicar o Acordo de aprobación definitiva no Diario Oficial de Galicia, e o texto dos documentos que o integran así como o índice de planos do Estudo de Detalle no Boletín Oficial da Provincia.*

CUARTO. *Notificar o presente Acordo aos propietarios e demais interesados directamente afectados polo Estudo de Detalle.*

QUINTO. *Comunicar á Consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio a aprobación do Estudo de Detalle de referencia á vez que se lle dá traslado dunha copia autenticada de dous exemplares do mesmo con todos os planos e documentos que o integran.*

SEXTO. *Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos e en xeral para todo o relacionado con este asunto.*



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

Aberto o turno de debate polo Sr. Alcalde indicando que para agilizar o debate se concederán tres minutos por intervención, transcríbense en síntese as intervencións que tiveron lugar:

Abre o debate o Sr. Alcalde resumindo o contido da proposta.

Por parte do Sr. Rivera indícase en síntese que en primeiro lugar quere indicar que para poñer tres minutos por intervención ten que aprobar un regulamento de organización municipal, e senón non se poden limitar, en caso contrario marchará o seu grupo do Pleno, polo que califica de actitude antidemocrática do Alcalde. Insta á Secretaria municipal a asesorar a Corporación e non ao Sr. Alcalde, manifestando que a Secretaria presente no acto é a Secretaria do Alcalde e non da Corporación.

Sobre o fondo do asunto indica que se deberían de separar 20 metros de costas esa edificación, e se absterá o seu grupo porque esta zoa está xa calificada dende o ano 89 cando houbo un estudo de mazás completas.

Por parte do voceiro de UNIFOZ, indícase en síntese que para regular as intervencións a tres minutos ten que aprobar un regulamento e dende o seu grupo insta a que se elabore. Indica con respecto á retirada de un punto da orde do día, que xurdiu en distintos puntos do pleno anterior, o artigo 92 do ROF indica a posibilidade desa retirada que está prevista. Sobre o fondo do asunto, indica que non se entra na licenza de obra nin na calificación urbanística da zoa, só sobre a aprobación do estudo de detalle, e o informe técnico favorable fai que este grupo vaia a votar a favor

Por parte do grupo municipal BNG, indícase que en síntese o seu rexeitamento á limitación a tres minutos das intervencións, e o califica como unha cuestión non menor porque afecta á democracia e a liberdade de expresión. Sobre o fondo do asunto indica que xa preguntou na comisión informativa sobre a calificación do terreo e afirma que se trata dun punto delicado urbanisticamente. As NNSS de Foz están obsoletas, todos os grupos o indican pero o grupo de goberno di que amosa unha irresponsabilidade sobre este asunto, xa que ao non estar adaptado á Lei do solo hai dúbidas, en concreto pregunta se se pode aprobar un estudo de detalle para unha parcela concreta, se os propietarios deben de ter o 50% do ámbito que corresponde. Afirma que o informe do Arquitecto municipal non contesta as alegacións presentadas que deberían de ser contestadas unha a unha. Entende igualmente que debería de notificarse a todos os propietarios e consulta á Sra. Secretaria para que conteste no seo do debate da presente sesión sobre se sería correcto ou non a notificación individual a todos os propietarios, ao que a Secretaria excusa a contestación na mesma sesión, e remítese a un momento posterior, xa que se trata de un expediente tramitado con anterioridade a súa toma de posesión e precisa estudar o mesmo máis pormenorizadamente para poder dar resposta á consulta efectuada polo Sr. Basanta.

Afirma por último, o concelleiro, que él adaptaría as NNSS á Lei do Solo ou senón que se solicite que o faga a Xunta para resolver o que califica un urbanismo discrecional que existe no concello de Foz.

O Sr. Alcalde toma a palabra para indicar en síntese que o Sr Basanta non se limitou ao punto da orde do día. Afirma que se está acotando a alineación desa mazá non se ven aquí a debater sobre o urbanismo que hai, non se pode ir en contra dos particulares e axustarse á lei que hai, non se pode facer o que se queira e nada ten que ver nin a lei de costas nin nada do afirmado, este expediente non dilucida estas cuestións. O informe do técnico aínda ambiguo indica claramente que é axustado á lei o proposto.

O Sr. Rivera toma a palabra en segundo turno de intervencións e afirma que hai que separarse de costas 20 metros, e non se contestou para nada o que afirmou o alegante, e cada un é responsable das súas actuacións, pero logo deste expediente virá a licenza que será baixo mais seis diante da praia da Rapadoira. O seu grupo absterase porque non se entende como este tema non se mirou mellor.



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

O Sr Cancio afirma que as NNSS son as que hai e sobre a licenza para un aumento de volumen de un negocio de baixo máis seis, que non é o que corresponde agora. O que ten o Pleno e o que hai, e é o que hai que darlle aos propietarios.

O Sr. Basanta solicita conste en acta que o Sr. Alcalde recoñece que o informe técnico é ambiguo, e o Arquitecto afirma que ten coñecemento suficiente para aceptar ou rexeitar unha ou outra postura. O estudo de detalle inclúe un proxecto co que se vai a facer e se está dando uns dereitos para este tipo de edificación.

O Sr. Alcalde afirma finalmente que o Arquitecto municipal é un órgano independente e o Sr. Alcalde non lle pode decir o que ten que poñer nos seus informes. Asimesmo indica que os dereitos dos propietarios están xa recoñecidos pola ordeanza de aplicación e non se lle poden quitar.

O Sr. Rivera solicita a palabra para preguntar se o 51% dos propietarios están conformes ao tratarse de un estudo de detalle promovido polos particulares.

O Sr. Basanta remata decindo que non hai nada contra os propietarios nin contra actividades.

Unha vez rematado o turno de debate a continuación procédese á votación do asunto obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 8 (5 PP, 3 UNIFOZ)
- Abstencións: 4 PSOE
- Votos en contra: 1 BNG

Resultando aprobado o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Desestimar a alegación presentada por D. José Ramón Varela Puga en relación co expediente de aprobación de Estudo de Detalle polos motivos expresados no informe dos Servizos Técnicos de data 19/12/2011 que se transcribe no seu literal:

INFORME TÉCNICO		
ASUNTO:	ESTUDIO DE DETALLE DE DETERMINACIÓN DA ALINEACIÓN OESTE DUN TRAMO DA TRAVESIA DE COLON COMPRENDIDO ENTRE AS RÚAS EMILIA PARDO BAZÁN E A RÚA MARIÑEIRO CHILA	
PROMOTOR:	RESTAURANTE MAREXADA S.L.	C.I.F. B-27169077
	Dirección: Vigo nº19. Vilaronte.	

En relación co asunto de referencia vistas as alegacións presentadas por D. José Ramón Varela Puga (registro de entrada nº6800 de 15 de decembro de 2011) o técnico municipal que subscribe


INFORMA:

O obxecto do estudo de detalle é a sinalización con mais concreción sobre a planimetría actualizada da alineación fixada das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal para a parte oeste do tramo da travesía de colon que discorre entre as rúas Emilia Pardo Bazán e Mariñeiro Chila.



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00



O estudo de detalle clarifica e concreta a alineación oeste do tramo sinalado da travesía de Colón axustándose ao grafado na cartografía das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal (que foron aprobadas definitivamente pola Comisión Superior de Urbanismo de Lugo en data 11/11/1981).

E o informe que se emite, sen prexuízo doutro mellor fundado.

SEGUNDO. Aprobar definitivamente o Estudo de Detalle referido a determinación da alineación oeste dun tramo da Travesía de Colón, comprendido entre as Rúas Emilia Pardo Bazán e Mariñeiro Chila.

TERCEIRO. Publicar o Acordo de aprobación definitiva no Diario Oficial de Galicia, e o texto dos documentos que o integran así como o índice de planos do Estudo de Detalle no Boletín Oficial da Provincia.

CUARTO. Notificar o presente Acordo aos propietarios e demais interesados directamente afectados polo Estudo de Detalle.

QUINTO. Comunicar á Consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio a aprobación do Estudo de Detalle de referencia á vez que se lle dá traslado dunha copia autenticada de dous exemplares do mesmo con todos os planos e documentos que o integran.

SEXTO. Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos e en xeral para todo o relacionado con este asunto.

4.-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVIZO DE PISCINA MUNICIPAL E INSTALACIÓNS DEPORTIVAS.

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de contas, economía e facenda en sesión celebrada o 22 de decembro de 2011, que no seu literal indica:

“Por esta Alcaldía sométese a estudio da Comisión Informativa Municipal de Economía, Facenda e Especial de Contas a modificación Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa por prestación de servizo de piscina municipal e instalacións deportivas, marcando as pautas oportunas para que sexa o devandito órgano colexiado quen adopte finalmente unha proposta concreta que se elevará a debate e resolución do Concello Pleno.

O motivo da presente modificación radica na solicitude formulada polo concesionario da xestión do servizo de explotación da piscina municipal HEBE SPORT (NRE 6823/2011 de 16 de decembro), de actualización das tarifas ou cotas segundo a variación do índice de prezos ao



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

consumo (IPC) interanual entre agosto de 2008 e novembro de 2011, que segundo datos do INE ascende a un 5,5%.

Hai que ter en conta que, malia o anterior, para o exercicio 2012 o concesionario do servizo asume a posta en marcha dunha nova instalación dentro do conxunto da piscina municipal, como é o "spa" executado a través do Plan Extraordinario de Obra Pública 2010 da Deputación de Lugo, segundo se desprende do seu escrito con entrada no Concello do 19 de decembro de 2011 (NRE 6835/2011).

Na medida en que o Concello está obrigado a compensar ao contratista para o mantemento do equilibrio económico da concesión, unha vez determinadas as perdas reais que lle suporá a explotación desta nova instalación non prevista inicialmente, asumirase por parte desta entidade a obriga de axeitar as tarifas a esta circunstancia na revisión a realizar para o exercicio 2013, repercutindo nelas o prexuízo causado ao concesionario de xeito que se reequilibre a explotación.

En consideración ao exposto e visto á súa vez o informe de intervención de data 16 de decembro de 2011.

Unha vez rematado o turno de debate pola Alcaldía-Presidencia sométese a votación o asunto do epígrafe, co seguinte resultado, e conforme ao literal que se transcribe:

Votos a favor: 5 (2 PP, 2 PSdeG-PSOE, 2 UNIFOZ, 1 BNG)

Votos en contra: ningún

Abstencións: ningunha

Unanimidade dos membros presentes do literal que se transcribe a continuación:

Por esta Alcaldía sométese a estudio da Comisión Informativa Municipal de Economía, Facenda e Especial de Contas a modificación Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa por prestación de servizo de piscina municipal e instalacións deportivas, marcando as pautas oportunas para que sexa o devandito órgano colexiado quen adopte finalmente unha proposta concreta que se elevará a debate e resolución do Concello Pleno.

O motivo da presente modificación radica na solicitude formulada polo concesionario da xestión do servizo de explotación da piscina municipal HEBE SPORT (NRE 6823/2011 de 16 de decembro), de actualización das tarifas ou cotas segundo a variación do índice de prezos ao consumo (IPC) interanual entre agosto de 2008 e novembro de 2011, que segundo datos do INE ascende a un 5,5%.

En consideración ao exposto e visto á súa vez o informe de intervención de data 16 de decembro de 2011, esta Alcaldía eleva á consideración do Concello Pleno a seguinte proposta:

Primeiro. - Aprobar con carácter provisional a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa por prestación do servizo de piscina municipal e instalacións deportivas, quedando redactados os artigos modificados da devandita Ordenanza co seguinte detalle:

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVIZO DE PISCINA MUNICIPAL E INSTALACIÓNS DEPORTIVAS.

Artigo 6º.- Tarifas.-

Á contía das Taxas regulada nesta Ordenanza Fiscal será a fixada na tarifa seguinte:



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

CADRO DE TARIFAS

PISCINA MUNICIPAL DE FOZ		TARIFAS	
ABONOS PISCINA MUNICIPAL		SOCIOS	
FAMILIAR TITULAR		24,27 €	
FAMILIAR CÓNXUXE		4,06 €	
FILLO (-18 AÑOS)		4,06 €	
ABONO XOVE		19,62 €	
ABONO INDIVIDUAL		24,79 €	
ABONO 3º IDADE E DIMINUÍDOS		18,04 €	
ABONO MATINAL		19,04 €	
MINUSVÁLIDOS		50% de desconto	
ENTRADAS			
ENTRADA LIBRE (+18,-60)		4,17 €	
ENTRADA REDUCIDA (-18,+60)		2,74 €	
MATRICULAS			
MATRICULA ABONADO		25,37 €	
MANTEMENTO MATRICULA		11,50 €	
MATRICULA CURSO ABONADO		11,50 €	
MATRICULA CURSO EVENTUAL			23,05 €
CURSOS PISCINA			
	DÍAS	SOCIOS	EVENTUAIS
NATACIÓN BEBES	1	10,39 €	20,78 €
NAT. NENOS (3-16 AÑOS)	1	5,17 €	10,34 €
NAT. NENOS (3-16 AÑOS)	2	10,39 €	20,78 €
NAT. NENOS (3-16 AÑOS)	3	15,51 €	31,02 €
ESCOLA DE COMPETICIÓN	3	14,98 €	29,96 €
NAT. ADULTOS (16-60 AÑOS)	2	10,39 €	20,78 €
NAT. ADULTOS (16-60 AÑOS)	3	15,51 €	31,02 €
NAT. TERCEIRA IDADE	2	5,64 €	15,77 €
NAT. TERCEIRA IDADE	3	11,55 €	23,05 €
NAT. RECUPERAC. FUNCIONAL	2	10,39 €	20,78 €
NAT. RECUPERAC. FUNCIONAL	3	15,51 €	31,02 €
AQUAGYM	2	11,55 €	23,05 €
MATRONATACIÓN	2	GRATIS	GRATIS
DIMINUÍDOS	2	8,97 €	25,32 €
VERÁN ADULTOS (QUENDA)	10	14,45 €	28,80 €
VERÁN INFANTIL (QUENDA)	10	11,55 €	23,05 €
ALUGUER RÚA HORA		17,30 €	23,05 €
CURSOS SALA USOS MÚLTIPLES			
	DÍAS	SOCIOS	EVENTUAIS
EDUCACIÓN FÍSICA DE BASE	2	9,81 €	19,62 €
HABILIDADES XIMNÁSTICAS	2	9,81 €	19,62 €
DANZA	2	9,81 €	19,62 €
FITNESS	2	9,81 €	19,62 €
ARTES MARCIAIS	2	9,81 €	19,62 €
ACTIVIDADES GRATUITAS PARA SOCIOS			
STRECHING	2	GRATIS	19,62 €



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

STRECHING	3	GRATIS	23,05 €
XIMNASIA 3ª IDADE	3	GRATIS	18,46 €
XIMNASIA MANTEMENTO	2	GRATIS	19,62 €
XIMNASIA MANTEMENTO	3	GRATIS	23,05 €
AEROBIC	2	GRATIS	19,62 €
AEROBIC	3	GRATIS	23,05 €
TONIFICACIÓN	2	GRATIS	23,05 €
STEP	2	GRATIS	19,62 €
BODYCOMBAT	3	GRATIS	19,62 €

As tarifas actualizaranse anualmente conforme ao IPC

Segundo.- Expoñer ao público no Taboleiro de Anuncios deste Concello o presente acordo provisional, e a nova redacción dos artigos da Ordenanza Fiscal afectada, durante o prazo de trinta días hábiles, co fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas. A devandita exposición ao público anunciarase por edicto no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a contar o seu prazo a partir do día seguinte a aquel en que se produza a devandita publicación.

Finalizado o período de exposición pública, o concello adoptará os acordos definitivos que procedan, resolvendo as reclamacións que se presentasen e aprobará a redacción definitiva da ordenanza. No caso de que non se presentasen reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario.

Os acordos definitivos a que se refire o parágrafo anterior, incluíndo os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da modificación, publicaranse no boletín oficial da provincial, sen que entren en vigor ata que se leve a cabo a devandita publicación”

Aberto o turno de debate polo Sr. Alcalde, transcríbense en síntese as intervencións que tiveron lugar:

Abre o debate o Sr. Alcalde resumindo o contido da proposta.

Por parte do Sr. Rivera indícase en síntese que hai que decidir a negociación que trouxo o equipo de goberno á comisión informativa foi distinta. Cando o seu grupo gobernou conseguiu un SPA igual que había en Ribadeo e non está de acordo con que o concesionario queira cobrar máis polo servizo. Non todo é subir impostos, están conformes con subir o IPC pero débese ceñir o acordo a eso, sen mezclar o SPA nin nada máis, defendendo así os intereses dos veciños, por eso afirma que a súa aportación neste asunto foi clave.

Por parte do voceiro de UNIFOZ, solicita conste en acta que o Sr. Alcalde afirmou que o concesionario vai poñer en funcionamento o SPA sen coste algún para os veciños. O concesionario afirmaba en escrito de 19 de decembro que os costes do SPA deben de ser repercutidos e non coincide co que di o Alcalde. A negociación non foi boa porque o concesionario vai a decidir máis adiante que as tarifas hai que subilas polo coste do SPA e nese momento UNIFOZ estará en contra. Precisa que se eso sucede se lle recordará ao equipo de goberno.

Por parte do grupo municipal BNG, solicítase informe dos servizos municipais sobre o cumprimento do contrato por parte da empresa concesionaria, en concreto sobre persoal, servizos prestados e horarios de apertura.

O Sr. Alcalde indica que o equipo de goberno cree que esta suba é necesaria e fíxose unha negociación entre as dúas partes do contrato e pensa que hai boa vontade por parte do concesionario por aceptar isto. Se hai que no seu momento facer un informe municipal se fará.



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

O Sr. Rivera indica en síntese que o concesionario debe de entender que claramente hai boa vontade por parte da corporación, porque todos sabemos cousas.

O Sr. Cancio insiste en que dentro de pouco o concesionario volverá a solicitar unha suba das tarifas polos gastos do SPA

Unha vez rematado o turno de debate pola Alcaldía-Presidencia sométese a votación o asunto do epígrafe, resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

Resultando aprobado o seguinte acordo:

Primeiro. - Aprobar con carácter provisional a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa por prestación do servizo de piscina municipal e instalacións deportivas, quedando redactados os artigos modificados da devandita Ordenanza co seguinte detalle:

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVIZO DE PISCINA MUNICIPAL E INSTALACIÓNS DEPORTIVAS.

Artigo 6º.- Tarifas.-

Á contía das Taxas regulada nesta Ordenanza Fiscal será a fixada na tarifa seguinte:

CADRO DE TARIFAS

PISCINA MUNICIPAL DE FOZ		TARIFAS	
ABONOS PISCINA MUNICIPAL		SOCIOS	
FAMILIAR TITULAR		24,27 €	
FAMILIAR CÓNXUXE		4,06 €	
FILLO (-18 AÑOS)		4,06 €	
ABONO XOVE		19,62 €	
ABONO INDIVIDUAL		24,79 €	
ABONO 3º IDADE E DIMINUÍDOS		18,04 €	
ABONO MATINAL		19,04 €	
MINUSVÁLIDOS		50% de desconto	
ENTRADAS			
ENTRADA LIBRE (+18,-60)		4,17 €	
ENTRADA REDUCIDA (-18,+60)		2,74 €	
MATRICULAS			
MATRICULA ABONADO		25,37 €	
MANTEMENTO MATRICULA		11,50 €	
MATRICULA CURSO ABONADO		11,50 €	
MATRICULA CURSO EVENTUAL			23,05 €
CURSOS PISCINA			
	DÍAS	SOCIOS	EVENTUAIS
NATACIÓN BEBES	1	10,39 €	20,78 €
NAT. NENOS (3-16 AÑOS)	1	5,17 €	10,34 €
NAT. NENOS (3-16 AÑOS)	2	10,39 €	20,78 €
NAT. NENOS (3-16 AÑOS)	3	15,51 €	31,02 €



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

ESCOLA DE COMPETICIÓN	3	14,98 €	29,96 €
NAT. ADULTOS (16-60 AÑOS)	2	10,39 €	20,78 €
NAT. ADULTOS (16-60 AÑOS)	3	15,51 €	31,02 €
NAT. TERCEIRA IDADE	2	5,64 €	15,77 €
NAT. TERCEIRA IDADE	3	11,55 €	23,05 €
NAT. RECUPERAC. FUNCIONAL	2	10,39 €	20,78 €
NAT. RECUPERAC. FUNCIONAL	3	15,51 €	31,02 €
AQUAGYM	2	11,55 €	23,05 €
MATRONATACIÓN	2	GRATIS	GRATIS
DIMINUÍDOS	2	8,97 €	25,32 €
VERÁN ADULTOS (QUENDA)	10	14,45 €	28,80 €
VERÁN INFANTIL (QUENDA)	10	11,55 €	23,05 €
ALUGUER RÚA HORA		17,30 €	23,05 €
CURSOS SALA USOS MÚLTIPLES			
	DÍAS	SOCIOS	EVENTUAIS
EDUCACIÓN FÍSICA DE BASE	2	9,81 €	19,62 €
HABILIDADES XIMNÁSTICAS	2	9,81 €	19,62 €
DANZA	2	9,81 €	19,62 €
FITNESS	2	9,81 €	19,62 €
ARTES MARCIAIS	2	9,81 €	19,62 €
ACTIVIDADES GRATUITAS PARA SOCIOS			
STRECHING	2	GRATIS	19,62 €
STRECHING	3	GRATIS	23,05 €
XIMNASIA 3ª IDADE	3	GRATIS	18,46 €
XIMNASIA MANTEMENTO	2	GRATIS	19,62 €
XIMNASIA MANTEMENTO	3	GRATIS	23,05 €
AEROBIC	2	GRATIS	19,62 €
AEROBIC	3	GRATIS	23,05 €
TONIFICACIÓN	2	GRATIS	23,05 €
STEP	2	GRATIS	19,62 €
BODYCOMBAT	3	GRATIS	19,62 €

As tarifas actualizaranse anualmente conforme ao IPC

Segundo.- Expoñer ao público no Taboleiro de Anuncios deste Concello o presente acordo provisional, e a nova redacción dos artigos da Ordenanza Fiscal afectada, durante o prazo de trinta días hábiles, co fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas. A devandita exposición ao público anunciarase por edicto no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a contar o seu prazo a partir do día seguinte a aquel en que se produza a devandita publicación.

Finalizado o período de exposición pública, o concello adoptará os acordos definitivos que procedan, resolvendo as reclamacións que se presentasen e aprobará a redacción definitiva da ordenanza. No caso de que non se presentasen reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario.

Os acordos definitivos a que se refire o parágrafo anterior, incluíndo os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da modificación,



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

publicaranse no boletín oficial da provincial, sen que entren en vigor ata que se leve a cabo a devandita publicación.

5.-APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO DA CREACIÓN DE FICHEIROS DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL DO CONCELLO DE FOZ.

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de asuntos preparatorios do pleno en sesión celebrada o 22 de decembro de 2011, que no seu literal indica:

“Considerándose do máximo interese para este concello a aprobación dun regulamento que permita a creación de ficheiros de datos de carácter persoal automatizados e non automatizados, dependentes deste Concello, concretados aos seguintes ficheiros preexistentes:

ANEXO I. FICHEIRO A

NOME DO FICHEIRO: “Axentes de promoción económica”

ANEXO I. FICHEIRO B

NOME DO FICHEIRO: “Participantes en accións de promoción de emprego”

Visto o informe de Secretaría de data 15/12/2011 en exercicio da potestade reglamentaria e de autoorganización que corresponde a este concello e co obxecto de aprobar o regulamento que permita a creación de ficheiros de datos de carácter persoal automatizados e non automatizados, dependentes deste Concello

Visto o proxecto elaborado polos Servizos Municipais do Regulamento municipal regulador da creación de ficheiros de datos de carácter persoal automatizados e non automatizados do concello de Foz.

Considerando a competencia do Pleno para a adopción do presente asunto, en virtude dos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Unha vez rematado o turno de debate pola Alcaldía-Presidencia sométese a votación o asunto do epígrafe, co seguinte resultado, e conforme ao literal que se transcribe:

*Votos a favor: 5 (2 PP, 2 UNIFOZ, 1 BNG)
Abstencións: 2 (PSdeG-PSOE)*

PRIMEIRO. Iniciar o expediente para levar a cabo a aprobación do Regulamento municipal regulador da creación de ficheiros de datos de carácter persoal automatizados e non automatizados do concello de Foz.

SEGUNDO. Que se emita Dictamen pola Comisión Informativa de asuntos preparatorios do Pleno en relación coa aprobación inicial do Regulamento de referencia.

TERCEIRO. Que posteriormente elevese ao Pleno da Corporación para que se acorde:

-A aprobación inicial do Regulamento de creación de ficheiros de datos de carácter persoal automatizados e non automatizados do concello de Foz, do seguinte teor literal:



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

“REGULAMENTO DA CREACIÓN DE FICHEIROS DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL DO CONCELLO DE FOZ

A Constitución Española, no seu artigo 18, recoñece coma un dereito fundamental o dereito ao honor, á intimidade persoal e á propia imaxe e establece que “a lei limitará o uso da informática para garantir o honor e a intimidade persoal e familiar dos cidadáns e o pleno exercicio dos seus dereitos”.

Neste senso, a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, ten por obxecto garantir e protexer no relativo aos datos persoais, liberdades públicas e dereitos fundamentais das persoas físicas e, especialmente do seu honor e intimidade persoal e familiar. No artigo 20 de dita lei dispónse que a creación, modificación ou supresión dos ficheiros das administracións públicas só poderá facerse por medio de disposición xeral publicada no Boletín Oficial do Estado ou diario oficial correspondente. Así mesmo, a disposición adicional primeira da devandita Lei ordénalles ás administracións públicas responsables de ficheiros automatizados adecuarse á citada lei orgánica, debendo aprobar a pertinente disposición de regulamento do ficheiro ou adaptar a existente.

Ademais, os artigos 52 ao 54 do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, regulan a creación, modificación ou supresión de ficheiros de titularidade pública.

Por outra banda, a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e a Lei 57/2003 de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, atribúenlle ao Pleno a elaboración de ordenanzas e regulamentos.

Artigo 1.–Obxecto e ámbito.

1. O presente regulamento ten por obxecto a creación e regulación dos ficheiros de datos de carácter persoal, automatizados e non automatizados, dependentes do Concello de Foz e que se relacionan no anexo I da presente ordenanza.

2. A regulación dos ficheiros de datos de carácter persoal determina a finalidade de ditos ficheiros, as persoas ou colectivos sobre os que se obteñen os datos, o procedemento de recollida de datos, a estrutura básica do ficheiro e a descrición dos tipos de datos de carácter persoal incluídos, a cesión dos datos, ao órgano responsable dos ficheiros, os servizos ou unidades ante os que se pode exercitar o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición, e o nivel de medidas de seguridade correspondentes a cada un destes ficheiros, en aplicación da L.O. 15/1999, e da súa normativa de desenvolvemento.

Artigo 2.–Creación e regulación de ficheiros de datos de carácter persoal.

1. Créanse os ficheiros de datos de carácter persoal do Concello de Foz que figuran como anexo I co contido recollido no artigo 20 da Lei orgánica de protección de datos de carácter persoal e no artigo 54.1 do Real decreto 1720/2007.

2. Os ficheiros de datos de carácter persoal do Concello de Foz rexeranse polas disposicións que se detallan para cada un deles e estarán sometidos, en todo caso, ás normas legais e regulamentarias de superior rango que lles sexan aplicables.

Artigo 3.–Finalidade e uso dos ficheiros.

Os datos de carácter persoal rexistrados nos ficheiros que se indican e dos que o Concello de Foz é o responsable, só poderán utilizarse para os fins expresamente previstos e por persoal debidamente autorizado.



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

Artigo 4.–Responsabilidade dos ficheiros.

1. A titularidade e responsabilidade dos ficheiros de datos de carácter persoal do Concello de Foz corresponde ao propio Concello, representado pola persoa que exerza o posto de Alcaldía Presidencia.

2. Por outra banda, consideraranse encargados do ficheiro as persoas que leven a cabo, por conta da persoa responsable, o tratamento dos datos recollidos nos mesmos, segundo o establecido no anexo I particularmente para cada ficheiro.

Artigo 5.–Cesión de datos.

Aplicarase ao respecto o réxime establecido no artigo 21 da Lei 15/1999 e o especificado para cada ficheiro.

Artigo 6.–Medidas de seguridade.

1. O Concello de Foz implantará as medidas organizativas e técnicas precisas para asegurar a confidencialidade de datos. Con este obxectivo, adoptará as medidas de seguridade que se establecen no Real decreto 1720/2007, de 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal.

2. Así mesmo, o Concello de Foz velará porque os ficheiros se utilicen para as finalidades que motivaron a súa creación e polo persoal debidamente autorizado. Do mesmo xeito, velarase, con carácter xeral, polo respecto dos principios de protección de datos e só poderán ser obxecto de tratamento os datos que sexan adecuados, pertinentes e non excesivos en relación coas finalidades determinadas, explícitas e lexítimas para os que se obtiveron.

Artigo 7.–Dereito de información na recollida de datos.

As persoas ás que se lles soliciten datos persoais serán informadas previamente de modo expreso, preciso e inequívoco, nos termos que dispón o artigo 5 da Lei orgánica 15/1999 do 13 de decembro, sen prexuízo dos supostos exceptuados na lei.

Artigo 8.–Dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

O órgano ante o que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición con relación a calquera dos ficheiros municipais de datos de carácter persoal establecerase particularmente para cada ficheiro, sendo por defecto ante a Alcaldía-Presidencia.

Disposición final.

O presente regulamento entrará en vigor tras a súa aprobación definitiva, unha vez publicado integramente no Boletín Oficial da Provincia e así que transcorra o prazo previsto nos artigos 65.2 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación.



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

ANEXO I DO REGULAMENTO DA CREACIÓN DE FICHEIROS DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL DO CONCELLO DE FOZ

ANEXO I. FICHEIRO A

NOME DO FICHEIRO: "Axentes de promoción económica"

a) *Finalidade e usos previstos do ficheiro:*

Xestionar os datos dos axentes de promoción económica que prestan servizo no Concello, co fin de poder ser identificables polos usuarios aos que dirixen as súas accións.

b) *Persoas ou colectivos sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos:*

Axentes de emprego contratados polo Concello.

c) *Procedemento de recollida de datos:*

Os datos obteranse por medio de comunicación oral, escrita ou telemática, recolléndose nos distintos formularios cumprimentados polo/a traballador/a, tanto en soporte papel coma informático ou electrónico.

d) *Estrutura básica do ficheiro e tipo de datos:*

Datos identificativos (nome, apelidos, DNI/NIE, enderezo, teléfono, email).

e) *Cesións de datos de carácter persoal e transferencias de datos a países terceiros:*

Os datos de carácter persoal contidos neste ficheiro serán cedidos á Consellería de Traballo e Benestar, ao C.E.E.I. Galicia S.A. (BIC Galicia) Así mesmo, poderán transferirse a outras administracións públicas cando sexa óbice para as materias da súa competencia.

Non se prevé a cesión de ditos datos a países terceiros.

En todo caso, a cesión de datos que contén este ficheiro sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada, só se realizará a favor doutras administracións públicas competentes na materia e ó abeiro do disposto na Lei Orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal e no Real decreto 1720/2007, que aproba o Regulamento de desenvolvemento de dita lei.

f) *Órgano responsable do ficheiro:*

O Alcalde do Concello de Foz, como responsable superior de todo o persoal e impulsor de todos os servizos administrativos; dito ficheiro manterase, conservase e actualizase polos axentes de promoción económica.

g) *Dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición:*

Os axentes de promoción económica, serán perante quen se poderán executar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición destes datos.



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

h) Sistema de tratamento: mixto.

i) Nivel de protección:

As medidas de seguridade para este ficheiro son de carácter básico.

ANEXO I. FICHEIRO B

NOME DO FICHEIRO: *"Participantes en accións de promoción de emprego"*

a) Finalidade e usos previstos do ficheiro:

Xestionar os datos das persoas asesoradas ou participantes en actividades de formación e apoio a emprendedores, empresarios e persoas en busca de emprego.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos:

Emprendedores, empresarios, persoas en busca de emprego, ou que queiran participantes en actividades de formación.

c) Procedemento de recollida de datos:

Os datos obteranse por medio de comunicación oral, escrita ou telemática, recolléndose nos distintos formularios cumprimentados polo/a persoa asesorada ou participante en actividades, tanto en soporte papel coma informático ou electrónico.

d) Estrutura básica do ficheiro e tipo de datos:

Datos identificativos (nome, apelidos, DNI/NIE, enderezo, teléfono, fax e. email); datos do proxecto de creación de empresa (Nome do proxecto, tipo, descrición, estado, data de inicio e fin).

e) Cesións de datos de carácter persoal e transferencias de datos a países terceiros:

Os datos de carácter persoal contidos neste ficheiro serán cedidos á Consellería de Traballo e Benestar, a C.E.E.I. Galicia S.A. (BIC Galicia). Así mesmo, poderán transferirse a outras administracións públicas cando sexa óbice para as materias da súa competencia.

Non se prevé a cesión de ditos datos a países terceiros.

En todo caso, a cesión de datos que contén este ficheiro sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada, só se realizará a favor doutras administracións públicas competentes na materia e ao abeiro do disposto na Lei Orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal e no Real decreto 1720/2007, que aproba o Regulamento de desenvolvemento de dita lei.

f) Órgano responsable do ficheiro:

A persoa que exerza o posto de Alcaldía do Concello de Foz, como responsable superior de todo o persoal e impulsor de todos os servizos administrativos; dito ficheiro manterase, conservarase e actualizarase polos axentes de promoción económica.



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

g) *Dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición:*

Os axentes de promoción económica, serán perante quen se poderán executar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición destes datos.

h) *Sistema de tratamento: mixto.*

i) *Nivel de protección:*

As medidas de seguridade para este ficheiro son de carácter básico.”

-Someter dita Ordenanza municipal a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios municipal, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no meritado prazo, considerarse aprobada definitivamente sen necesidade de Acordo expreso polo Pleno.

-Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para suscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto.”

Aberto o turno de debate polo Sr. Alcalde, transcríbense en síntese as intervencións que tiveron lugar:

Abre o debate o Sr. Alcalde resumindo o contido da proposta.

Por parte do voceiro de UNIFOZ, indícase en síntese que lle parece ben que exista un regulamento que regule a protección de datos e non entende a vinculación coa praza de ADL e pensa que ten que ver con todas bases de datos que hai no concello.

Por parte do grupo municipal BNG, indícase que en síntese que a súa posición será a favor pero débese de ter cuidado co tratamento de datos persoais están moi penados

O Sr. Rivera dí que o seu grupo non anda con turnos e con minutos por ese motivo non intervén.

Unha vez rematado o turno de debate pola Alcaldía-Presidentencia sométese a votación o asunto do epígrafe, resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

Resultando aprobado o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Iniciar o expediente para levar a cabo a aprobación do Regulamento municipal regulador da creación de ficheiros de datos de carácter persoal automatizados e non automatizados do concello de Foz.

SEGUNDO. Que se emita Dictamen pola Comisión Informativa de asuntos preparatorios do Pleno en relación coa aprobación inicial do Regulamento de referencia.

TERCEIRO. Que posteriormente elevese ao Pleno da Corporación para que se acorde:

-A aprobación inicial do Regulamento de creación de ficheiros de datos de carácter persoal automatizados e non automatizados do concello de Foz, do seguinte teor literal:

“REGULAMENTO DA CREACIÓN DE FICHEIROS DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL DO CONCELLO DE FOZ



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

A Constitución Española, no seu artigo 18, recoñece coma un dereito fundamental o dereito ao honor, á intimidade persoal e á propia imaxe e establece que “a lei limitará o uso da informática para garantir o honor e a intimidade persoal e familiar dos cidadáns e o pleno exercicio dos seus dereitos”.

Neste senso, a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, ten por obxecto garantir e protexer no relativo aos datos persoais, liberdades públicas e dereitos fundamentais das persoas físicas e, especialmente do seu honor e intimidade persoal e familiar. No artigo 20 de dita lei dispónse que a creación, modificación ou supresión dos ficheiros das administracións públicas só poderá facerse por medio de disposición xeral publicada no Boletín Oficial do Estado ou diario oficial correspondente. Así mesmo, a disposición adicional primeira da devandita Lei ordénalles ás administracións públicas responsables de ficheiros automatizados adecuarse á citada lei orgánica, debendo aprobar a pertinente disposición de regulamento do ficheiro ou adaptar a existente.

Ademais, os artigos 52 ao 54 do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, regulan a creación, modificación ou supresión de ficheiros de titularidade pública.

Por outra banda, a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e a Lei 57/2003 de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, atribúenlle ao Pleno a elaboración de ordenanzas e regulamentos.

Artigo 1.–Obxecto e ámbito.

1. O presente regulamento ten por obxecto a creación e regulación dos ficheiros de datos de carácter persoal, automatizados e non automatizados, dependentes do Concello de Foz e que se relacionan no anexo I da presente ordenanza.

2. A regulación dos ficheiros de datos de carácter persoal determina a finalidade de ditos ficheiros, as persoas ou colectivos sobre os que se obteñen os datos, o procedemento de recollida de datos, a estrutura básica do ficheiro e a descrición dos tipos de datos de carácter persoal incluídos, a cesión dos datos, ao órgano responsable dos ficheiros, os servizos ou unidades ante os que se pode exercitar o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición, e o nivel de medidas de seguridade correspondentes a cada un destes ficheiros, en aplicación da L.O. 15/1999, e da súa normativa de desenvolvemento.

Artigo 2.–Creación e regulación de ficheiros de datos de carácter persoal.

1. Créanse os ficheiros de datos de carácter persoal do Concello de Foz que figuran como anexo I co contido recollido no artigo 20 da Lei orgánica de protección de datos de carácter persoal e no artigo 54.1 do Real decreto 1720/2007.

2. Os ficheiros de datos de carácter persoal do Concello de Foz rexeranse polas disposicións que se detallan para cada un deles e estarán sometidos, en todo caso, ás normas legais e regulamentarias de superior rango que lles sexan aplicables.

Artigo 3.–Finalidade e uso dos ficheiros.

Os datos de carácter persoal rexistrados nos ficheiros que se indican e dos que o Concello de Foz é o responsable, só poderán utilizarse para os fins expresamente previstos e por persoal debidamente autorizado.

Artigo 4.–Responsabilidade dos ficheiros.



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

1. A titularidade e responsabilidade dos ficheiros de datos de carácter persoal do Concello de Foz corresponde ao propio Concello, representado pola persoa que exerza o posto de Alcaldía Presidencia.

2. Por outra banda, consideraranse encargados do ficheiro as persoas que leven a cabo, por conta da persoa responsable, o tratamento dos datos recollidos nos mesmos, segundo o establecido no anexo I particularmente para cada ficheiro.

Artigo 5.–Cesión de datos.

Aplicarase ao respecto o réxime establecido no artigo 21 da Lei 15/1999 e o especificado para cada ficheiro.

Artigo 6.–Medidas de seguridade.

1. O Concello de Foz implantará as medidas organizativas e técnicas precisas para asegurar a confidencialidade de datos. Con este obxectivo, adoptará as medidas de seguridade que se establecen no Real decreto 1720/2007, de 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal.

2. Así mesmo, o Concello de Foz velará porque os ficheiros se utilicen para as finalidades que motivaron a súa creación e polo persoal debidamente autorizado. Do mesmo xeito, velarase, con carácter xeral, polo respecto dos principios de protección de datos e só poderán ser obxecto de tratamento os datos que sexan adecuados, pertinentes e non excesivos en relación coas finalidades determinadas, explícitas e lexítimas para os que se obtiveron.

Artigo 7.–Dereito de información na recollida de datos.

As persoas ás que se lles soliciten datos persoais serán informadas previamente de modo expreso, preciso e inequívoco, nos termos que dispón o artigo 5 da Lei orgánica 15/1999 do 13 de decembro, sen prexuízo dos supostos exceptuados na lei.

Artigo 8.–Dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

O órgano ante o que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición con relación a calquera dos ficheiros municipais de datos de carácter persoal establecerase particularmente para cada ficheiro, sendo por defecto ante a Alcaldía-Presidencia.

Disposición final.

O presente regulamento entrará en vigor tras a súa aprobación definitiva, unha vez publicado integramente no Boletín Oficial da Provincia e así que transcorra o prazo previsto nos artigos 65.2 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación.

ANEXO I DO REGULAMENTO DA CREACIÓN DE FICHEIROS DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL DO CONCELLO DE FOZ



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

ANEXO I. FICHEIRO A

NOME DO FICHEIRO: “Axentes de promoción económica”

a) Finalidade e usos previstos do ficheiro:

Xestionar os datos dos axentes de promoción económica que prestan servizo no Concello, co fin de poder ser identificables polos usuarios aos que dirixen as súas accións.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos:

Axentes de emprego contratados polo Concello.

c) Procedemento de recollida de datos:

Os datos obteranse por medio de comunicación oral, escrita ou telemática, recolléndose nos distintos formularios cumprimentados polo/a traballador/a, tanto en soporte papel coma informático ou electrónico.

d) Estrutura básica do ficheiro e tipo de datos:

Datos identificativos (nome, apelidos, DNI/NIE, enderezo, teléfono, email).

e) Cesións de datos de carácter persoal e transferencias de datos a países terceiros:

Os datos de carácter persoal contidos neste ficheiro serán cedidos á Consellería de Traballo e Benestar, ao C.E.E.I. Galicia S.A. (BIC Galicia) Así mesmo, poderán transferirse a outras administracións públicas cando sexa óbice para as materias da súa competencia.

Non se prevé a cesión de ditos datos a países terceiros.

En todo caso, a cesión de datos que contén este ficheiro sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada, só se realizará a favor doutras administracións públicas competentes na materia e ó abeiro do disposto na Lei Orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal e no Real decreto 1720/2007, que aproba o Regulamento de desenvolvemento de dita lei.

f) Órgano responsable do ficheiro:

O Alcalde do Concello de Foz, como responsable superior de todo o persoal e impulsor de todos os servizos administrativos; dito ficheiro manterase, conservarase e actualizarase polos axentes de promoción económica.

g) Dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición:

Os axentes de promoción económica, serán perante quen se poderán executar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición destes datos.

h) Sistema de tratamento: mixto.

i) Nivel de protección:



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

As medidas de seguridade para este ficheiro son de carácter básico.

ANEXO I. FICHEIRO B

NOME DO FICHEIRO: “Participantes en accións de promoción de emprego”

a) Finalidade e usos previstos do ficheiro:

Xestionar os datos das persoas asesoradas ou participantes en actividades de formación e apoio a emprendedores, empresarios e persoas en busca de emprego.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministrálos:

Emprendedores, empresarios, persoas en busca de emprego, ou que queiran participantes en actividades de formación.

c) Procedemento de recollida de datos:

Os datos obteranse por medio de comunicación oral, escrita ou telemática, recolléndose nos distintos formularios cumprimentados polo/a persoa asesorada ou participante en actividades, tanto en soporte papel coma informático ou electrónico.

d) Estrutura básica do ficheiro e tipo de datos:

Datos identificativos (nome, apelidos, DNI/NIE, enderezo, teléfono, fax e. email); datos do proxecto de creación de empresa (Nome do proxecto, tipo, descrición, estado, data de inicio e fin).

e) Cesións de datos de carácter persoal e transferencias de datos a países terceiros:

Os datos de carácter persoal contidos neste ficheiro serán cedidos á Consellería de Traballo e Benestar, a C.E.E.I. Galicia S.A. (BIC Galicia). Así mesmo, poderán transferirse a outras administracións públicas cando sexa óbice para as materias da súa competencia.

Non se prevé a cesión de ditos datos a países terceiros.

En todo caso, a cesión de datos que contén este ficheiro sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada, só se realizará a favor doutras administracións públicas competentes na materia e ao abeiro do disposto na Lei Orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal e no Real decreto 1720/2007, que aproba o Regulamento de desenvolvemento de dita lei.

f) Órgano responsable do ficheiro:

A persoa que exerza o posto de Alcaldía do Concello de Foz, como responsable superior de todo o persoal e impulsor de todos os servizos administrativos; dito ficheiro manterase, conservase e actualízase polos axentes de promoción económica.

g) Dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición:



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

Os axentes de promoción económica, serán perante quen se poderán executar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición destes datos.

h) Sistema de tratamento: mixto.

i) Nivel de protección:

As medidas de seguridade para este ficheiro son de carácter básico.

6.-MOCIÓN DO REPRESENTANTE DO GRUPO MUNICIPAL UNIFOZ SOBRE PETICION AO MINISTERIO DE FOMENTO DA CESIÓN PARA O CONCELLO DE FOZ DUN TERREO DE 783 m² SITO NO BARRIO DE FORXÁN, MÁIS CONCRETAMENTE ONDE ESTÁ SITUADO O CENTRO SOCIAL (antiga escola), COLINDANTE COA ESTRADA N-642 E COA LIÑA DE FEVE, COA FINALIDADE DE ACONDICIONALO COMO LUGAR DE ESPARCIMENTO PARA OS VECIÑOS DE FORXÁN.

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno en sesión celebrada o 22 de decembro de 2011, que no seu literal indica:

No barrio de Forxan, e máis concretamente onde está situado o centro Social (antiga escola), hai un terreo de 783 m² colindante coa estrada N 642 e co a liña de FEVE. Que o mencionado terreo, segundo as nosas informacións foi expropiado polo Ministerio de Fomento a Ramón Maañón, así pois entendemos que é o Ministerio que ten a titularidade do mesmo en estes momentos.

Unha vez rematado o turno de debate pola Alcaldía-Presidencia sométese a votación o asunto do epígrafe, co seguinte resultado, e conforme ao literal que se transcribe:

*Votos a favor: 5 (2 PP, 2 PSdeG-PSOE, 2 UNIFOZ, 1 BNG)
Votos en contra: ningún
Abstencións: ningunha*

Unanimidade dos membros presentes,

-Solicitar do Ministerio de Fomento a cesión para o Concello de Foz do mencionado terreo, coa finalidade de acondicionalo como lugar de esparcemento para os veciños de Forxán, unha vez se acredite a titularidade do terreo."

Aberto o turno de debate polo Sr. Alcalde, transcríbense en síntese as intervencións que tiveron lugar:

Abre o debate o Sr. Cancio resumindo o contido da proposta.

Por parte do Sr. Rivera indícase en síntese que sería coherente que o equipo de goberno explique se a xestión ante estradas se fixo e que sentido ten. Ao que o Sr. Alcalde afirma que esta mesma mañá estivo co Sr. Del Río, Director Xeral de Estradas de Galicia e está mirando esa propiedade pero aquí o acordo pódese tomar porque non afecta ao mesmo, ademais na reunión mantida pedíronlle unhas barreiras antirruidos nesa zona, entre outras cousas. O Sr Rivera cuestiona a reunión afirmando que debeuse de solicitar por escrito a estradas do Estado para que contesten se é un terreo da súa propiedade.



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

Por parte do Sr. Basanta, indícase en síntese que está de acordo en solicitalo pero non se sabe a quen aínda.

O Sr. Alcalde toma a palabra para indicar que está de acordo anque non é un dos sitios do máis seguros que haxa pero vaise votar a favor.

Cerra o debate o Sr. Cancio congratulándose do apoio de todos os grupos a esta proposta dos veciños e entende que é un terreo de Fomento porque así se lle dixo ao seu grupo.

O voceiro do PSOE insiste en consultar a propiedade.

Unha vez rematado o turno de debate, e sometido a votación por unanimidade dos membros presentes acórdase

-Solicitar do Ministerio de Fomento a cesión para o Concello de Foz do mencionado terreo, coa finalidade de acondionalo como lugar de esparcemento para os veciños de Forxán, unha vez se acredite a titularidade do terreo

7.-MOCIÓN DO REPRESENTANTE DO GRUPO MUNICIPAL UNIFOZ SOBRE PETICIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO DA REFORMA INTEGRAL DA RÚA DA BÁSCULA, NO BARRIO DE MARZÁN.

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno en sesión celebrada o 22 de decembro de 2011, que no seu literal indica:

No barrio de Marzán, e máis concretamente na Rúa da Báscula foron realizadas recentemente obras de reparación de canalización da rede de abastecemento de augas, o que provocou que esta rúa se encontre intransitable.

Que pola rúa mencionada baixan unha gran cantidade de augas sen ningún tipo de control (cunetas...), e os sumidoiros instalados na mesma son insuficientes, polo que é necesario se acomentan con carácter de urxencia obras e unha reforma integral da mesma.

Unha vez rematado o turno de debate pola Alcaldía-Presidencia sométese a votación o asunto do epígrafe, co seguinte resultado, e conforme ao literal que se transcribe:

Votos a favor: 5 (2 PP, 2 PSdeG-PSOE, 2 UNIFOZ, 1 BNG)

Votos en contra: ningún

Abstencións: ningunha

Por unanimidade dos membros presentes:

-Solicitar da Deputación Provincial con cargo aos remanentes do Plan Especial de Obra Pública executado neste Concello de igual xeito que se fixo en outros Concellos, e de igual xeito á Xunta de Galicia, a reforma integral da Rúa da Báscula, nos seguintes termos:

-Reposición do chan empregando materiais que respeten o entorno, e rebaixe do existente para que non se modifique a cota con respecto as casas dos veciños colindantes.

-Instalación de canalización de servizos (auga potable, augas pluviais, augas residuais, canalización eléctrica, canalización de gas e telecomunicacións) con canalización de reserva.

-Instalación de sumidoiros para canalizar as augas superficiais.

Aberto o turno de debate polo Sr. Alcalde, transcríbense en síntese as intervencións que tiveron lugar:

Abre o debate o Sr. Cancio resumindo o contido da proposta.



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

Por parte do Sr. Rivera indícase en síntese que o seu partido fixo moitas cousas polo barrio de Marzán, e había un proxecto que estaría rematado no que incluía plubiales, hormigón impreso, etc e é un proxecto que está no concello e se presentou ante administracións para pedir axudas. Afirma que non hai ningunha obra feita pola Xunta de Galicia dende que goberna o PP.

Por parte do Sr. Basanta, indícase en síntese que para Marzán como barrio tradicional típico débese de proxectar para alí un plan de reforma integral, o seu grupo abogou sempre para levar a cabo un proxecto así, estas obras que se piden quedaránse cortas. Independentemente da petición que se faga á Xunta ou a Deputación o equipo de goberno debe de ter en conta que ese barrio está moi descuidado, está sen limpar, e o concello debe de facer un repaso a ese barrio no seu conxunto.

O Sr. Alcalde toma a palabra para indicar que entende que todas as administracións están pasando unha situación de dificultade pero o grupo de goberno de Foz está na obriga de facer peticións igualmente, pero hai que priorizar. Esta é unha obra que lle parece importante, pero afirma que este barrio é un barrio abandonado historicamente, non nos últimos sete meses.

O voceiro de UNIFOZ considera que esta é unha obra importante para os veciños de Marzán pero débese de limpar tamén, e non sabe se se van limpar pola empresa de Guntín as aceras como se fai no centro de Foz. O alcalde afirma neste momento que non hai aceras nesta zoa porque o seu grupo non as deixou postas.

O Sr. Rivera en síntese que o barrio de Marzán ten aceras banda e banda en distintas zoas do mesmo e o Sr Alcalde matiza que é a rúa da Báscula a que non ten aceras. Insta a que no Plan provincial de 2012 se incorpore esta obra nesta zona para poñer en valor estas catro rúas. O Sr. Alcalde contesta ao Sr. Rivera que a súa intervención é obxecto de un rogo xa que as obras a incluír no POS é competencia de Alcaldía.

O Sr. Basanta matiza que a limpeza do barrio, segundo afirmou anteriormente, pódese facer sen coste algún por parte dos empregados municipais

Unha vez rematado o turno de debate, e sometido a votación por unanimidade dos membros presentes acórdase

-Solicitar da Deputación Provincial con cargo aos remanentes do Plan Especial de Obra Pública executado neste Concello de igual xeito que se fixo en outros Concellos, e de igual xeito á Xunta de Galicia, a reforma integral da Rúa da Báscula, nos seguintes termos:

-Reposición do chan empregando materiais que respeten o entorno, e rebaixe do existente para que non se modifique a cota con respecto as casas dos veciños colindantes.

-Instalación de canalización de servizos (auga potable, augas pluviais, augas residuais, canalización eléctrica, canalización de gas e telecomunicacións) con canalización de reserva.

-Instalación de sumidoiros para canalizar as augas superficiais.

8.-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE PETICIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO A QUE EXECUTE O ACORDO TOMADO POR UNANIMIDADE POLO PLENO DO CONCELLO DE FOZ EN DATA 28/10/2010 PARA O ARRANXO INMEDIATO DA ESTRADA LU-2007, E PARA QUE SE PROCEDA Á LIMPEZA DAS CUNETAS E ARRANXO DE FIRME DAS ESTRADAS LU-6303 QUE UNE CORDIDO E MOUCIDE, E A LU-2010 QUE CIRCUNDA O BARRIO DE FERREIRAVELLA EN SAN MARTIÑO.



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno en sesión celebrada o 22 de decembro de 2011, que no seu literal indica:

“Tendo en conta as cantidades de queixas que estamos a recibir dos veciños polo mal estado actual do firme e cunetas que rexistran as estradas LU-2007, LU-6303 e a LU-2010, pertencentes a Excm. Deputación Provincial de Lugo emprazadas nas parroquias de Nois, Cordido e San Martiño, todas do noso Concello e algunha delas con desprendemento do seo marxes.

Unha vez rematado o turno de debate pola Alcaldía-Presidencia sométese a votación o asunto do epígrafe, co seguinte resultado, e conforme ao literal que se transcribe:

*Votos a favor: 5 (2 PP, 2 UNIFOZ, 1 BNG)
Votos en contra: 2(PSdeG-PSOE)
Abstencións: ningunha*

1º.-Instar á Excm. Deputación Provincial de Lugo a que execute o acordo tomado por unanimidade polo Pleno do Concello de Foz en data 28/10/2010, onde se acordaba solicitarlle o arranxo inmediato da estrada LU-2007.

2º.-Instar á Excm. Deputación Provincial de Lugo a que proceda a limpar as cunetas e arranxo o firme das estradas da súa propiedade LU-6303 que une Cordido e Moucide e a LU-2010 que circunda o barrio de Ferreiravella en San Martiño.

Aberto o turno de debate polo Sr. Alcalde, transcríbense en síntese as intervencións que tiveron lugar:

Abre o debate o Sr. Manín (PP) resumindo o contido da proposta que presenta a concellería que representa.

Por parte do Sr. Rivera indícase en síntese que seguramente á Deputación tomará medidas sobre esa estrada pero tamén a Xunta de Galicia ten que actuar para non desprezar a parte dos veciños, e ao o Sr. Alcalde indicar na Comisión Informativa que outras zonas afectadas deben de ser obxecto de outra moción distinta, por ese motivo o seu grupo votará en contra.

Por parte do Sr. Cancio indícase en síntese que entende que a Deputación Provincial cada ano saca o concurso para arranxo das estradas provinciais e lle encargará o arranxo desta estrada.

Por parte do Sr. Basanta, indícase en síntese que está conforme.

O Sr. Manín afirma que cando o Sr. Rivera gobernaba votou a favor desta moción e considera que débese de votar a favor novamente e non facer política barata con este tema.

O Sr. Rivera matiza que as súas palabras non son políticas baratas e que todo o que prometeu se cumpriu, e non vai cambiar o sentido do voto para conseguir a unanimidade.

O Sr. Alcalde toma a palabra para indicar que no día de hoxe o Alcalde de Ribadeo insta a facer o mesmo á Deputación polo que debe de ser un tema xeneralizado de non arranxar as estradas provinciais

Unha vez rematado o turno de debate a continuación procédese á votación do asunto obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 9 (5 PP, 3 UNIFOZ, 1 BNG)
- Abstencións: ningunha



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

- Votos en contra: 4 PSOE

Resultando aprobado o seguinte acordo:

1º.-Instar á Excma. Deputación Provincial de Lugo a que execute o acordo tomado por unanimidade polo Pleno do Concello de Foz en data 28/10/2010, onde se acordaba solicitarlle o arranxo inmediato da estrada LU-2007.

2º.-Instar á Excma. Deputación Provincial de Lugo a que proceda a limpar as cunetas e arranxe o firme das estradas da súa propiedade LU-6303 que une Córdido e Moucide e a LU-2010 que circunda o barrio de Ferreiravella en San Martiño.

O alcalde pregunta se algún grupo quere presentar algúnha moción de urxencia.

PSOE PRESENTA UNHA MOCIÓN DE URXENCIA DO SEGUINTE TEOR LITERAL:

Vista a carta enviada polo Concelleiro delegado de asuntos sociais, Sr. Pavón con recursos de tódolos focenses para anunciar a paga adicional das pensións non contributivas que corresponde unicamente á Xunta de Galicia facer efectiva, e visto que a fecha de hoxe non se fixo efectiva tal paga. Temos que censurar pola nosa parte que o anuncio feito polo Concelleiro dicindo que o pago se faría efectivo no mes de decembro crendo que foi unha cuestión de tintes electoralistas.

Vistas as declaracións feitas polo Executivo Autonómico relativas á demora do cobro de dita paga.

O grupo municipal socialista entende que é de moi escasa sensibilidade por parte da Xunta de Galicia aprazar o pago desta paga comprometida para o exercicio do ano 2011, máxime cando os beneficiarios son as persoas que menos recursos teñen.

O grupo municipal socialista somete a consideración do Pleno esta moción para que este adopte o seguinte ACORDO:

Solicitar a Xunta de Galicia unha seriedade exquisita sobre este asunto que se faga efectiva dita paga o antes posíbel, tomando antes posíbel como inmediatamente, debido a que este diñeiro é moi necesario para a subsistencia das persoas que menos recursos teñen.

O Alcalde somete a votación a ratificación da urxencia de someter a consideración do Pleno a moción proposta, acordándose tratar a moción plantexada por:

- Votos a favor: 8 (4 PSOE, 3 UNIFOZ, 1 BNG)
- Abstencións: ningunha
- Votos en contra: 5 PP

Aberto o turno de debate polo Sr. Alcalde, transcríbense en síntese as intervencións que tiveron lugar:

Por parte do Sr. Rivera indícase en síntese que para unhas persoas que teñen dereito a cobrar unha paga que non a cobraron, o grupo de goberno dí que non é urxente, pero as persoas que necesitan esta paga estarán dicindo que sí é urxente. E que teñan coidado os concelleiros delegados cando fan anuncios que logo non se cumpren, e pregunta se se pedirán desculpas



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

por este anuncio social e se fai unha desculpa a todos os que antes anunciou a paga que non o faga con cartos municipais.

Por parte do Sr. Cancio indica en síntese que está de acordo en que se abone o máis rápido posible a paga.

Por parte do Sr. Basanta, indícase en síntese que está a favor da moción porque era algo que estaba acordado e lle corresponde aos cidadáns e é necesaria.

Por alusións, o Sr. Pavón concelleiro do PP, autorizado polo Sr. Alcalde, toma a palabra para contestar sobre o asunto, indicando que esta carta enviouse a petición do responsable técnico de servizos sociais xa que había dúbidas sobre cando se percibiría esa paga, non se trataba de un tema político.

O Sr. Rivera indica que non se pode facer política sobre este tema e que non se tratan asuntos persoais. Realmente hai que saber ata onde chega o técnico e ata onde o político e o político ten que facer o que ten que facer. Parécelle increíble que non voten a favor esta moción cando é necesario que se pague canto antes a paga comprometida.

O Sr. Cancio insiste en que se debe de pagar canto antes a paga e considera esta moción como un xesto, e non vai a entrar no tema da carta.

O Sr. Basanta afirma que todo ten un trasfondo político pero acepta as explicacións do concelleiro delegado pero dende o BNG afirma que se farían as cousas de outra maneira.

O Sr. Alcalde toma a palabra para indicar que o goberno socialista foi o primeiro que na historia da democracia conxelou as pensións. Sobre o tema da carta cando se dubidou sobre este tema, o técnico municipal dixo que isto xa se fixera máis veces cando o Sr. Rivera era alcalde. O Sr. Rivera nega que se mandasen cartas deste teor e insta a que se traigan ao Pleno para demostralo. O turno por alusións solicitado polo Sr. Rivera neste momento é denegado polo Sr. Alcalde.

Unha vez rematado o turno de debate a continuación procédese á votación do asunto obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 8 (4 PSOE, 3 UNIFOZ, 1 BNG)
- Abstencións: ningunha
- Votos en contra: 5 PP

Resultando aprobado o seguinte acordo:

Solicitar a Xunta de Galicia unha seriedade exquisita sobre este asunto que se faga efectiva dita paga o antes posíbel, tomando antes posíbel como inmediatamente, debido a que este diñeiro é moi necesario para a subsistencia das persoas que menos recursos teñen.

ROGOS E PREGUNTAS

ROGOS

1.- O PSOE ROGA QUE NON SE DIRIXA NADIE A ESTABLECEMENTOS PÚBLICOS, E MENOS O ALCALDE, PARA QUE RECOLLAN OS RESIDUOS. SE QUERE DECIRLLE ALGO A ALGUN ESTABLECEMENTO DIRÍXASE POR ESCRITO.



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

2.- O PSOE ROGA QUE A RECOLLIDA DA BASURA SE REALICE CORRECTAMENTE NO MEDIO RURAL PORQUE SE RECIBEN QUEIXAS VECIÑAIS DE QUE NON SE RECOLLE TODOS OS DÍAS QUE SE ESTIPULA NA ORDEANZA.

3.- O PSOE ROGA QUE SE PREOCUPEN POLA PONTE DE CABANAS EN NOIS, E QUE HAI QUE ARRANXAR AQUELA ESTRADA EN CONDICIÓNS E PARA ESE TEMA HABÍAN PARTIDAS PARA GASTAR.

4.- UNIFOZ ROGA QUE SE CUBRAN AS BAIXAS DE PERSOAL, SOBRE TODO EN TEMAS DE LIMPEZA, PARA NON RESENTIR OS SERVIZOS.

O Sr. Alcalde afirma que a empresa de limpeza fai os mesmos traballos que facía a persoa que estaba de baixa

5.- UNIFOZ ROGA QUE SE ARRANXE A BEIRARRUA DO CAMIÑO DO CANTELO, A QUE VAI A RUA CORPORACIÓNS.

6.- UNIFOZ ROGA QUE ARRANXE A TAJEA DA FONTE DE NOGUEIRIDO EN VILARONTE, DADO O MAL ESTADO DA ZOA.

7.- BNG ROGA ELIMINAR O VERTEDOIRO INCONTROLADO DO LUGAR DA ZOA DA TILLEIRA.

8.- BNG ROGA QUE AS OBRAS REALIZADAS EN VÍAS PÚBLICAS DEIXEN AS VIAS COMO ESTABAN ANTES DE COMENZAR AS OBRAS, TAXEAS DA AVDA. DE ASTURIAS OU DIANTE DA GLORIETA DE VILALBA, ESTÁN AGORA CO FIRME LEVANTADO.

9.- BNG ROGA QUE EN TUPIDE O BARCO QUE ESTABA EXPOSTO QUE SE LIMPE E SE PINTE E AMAÑE E O MONUMENTO AO MARIÑEIRO IGUALMENTE QUE SE LIMPE

PREGUNTAS

PSDEG-PSOE

1.- PREGUNTA PSOE CANDO SE POÑEN EN MARCHA AS COMISIÓNS INFORMATIVAS QUE SE ACORDOU AQUI EN MATERIA DE DEPORTES, CULTURA:

O Alcalde en síntese indica que as actuacións que se fixeron nas materias das comisións ás que se refire o Sr. Rivera non son competencias do Pleno polo que é conforme que non se convocasen estas comisións, que se convocarán cando haxa algo de Pleno sobre a materia..

2.- PREGUNTA PSOE POR AS NOTICIAS SOBRE O ESTUDO QUE SE ELABOROU SOBRE A RESIDENCIA. NOS ORZAMENTOS DA XUNTA NON HAI PARTIDA E AS NOTICIAS DADAS POLA CONSELLEIRA SON QUE A RESIDENCIA NON É PRIORITARIA

O Alcalde en síntese indica que ese estudo está feito por parte da Consellería. O estudo de viabilidade está feito e que se presentará en próximas datas.

3.- PREGUNTA PSOE A OPINIÓN DO ALCALDE SOBRE A CONXELACIÓN DO SMI QUE ACABA DE ACORDAR O ESTADO E SABER SE SE VAN A TOMAR MEDIDAS OU INICIATIVAS PROTESTANDO POR ESTA CONXELACIÓN.

O Alcalde contesta que chegouse a esta situación porque o PSOE gobernou en España catro anos sen enterarse de que estábamos en crise. O PSOE é o responsable pola incompetencia que tivo cando gobernou e nos levou a esta situación



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

UNIFOZ:

1.- UNIFOZ SOLICITA INFORMACIÓN SOBRE A EMPRESA DE LIMPEZA DE BEIRARRÚAS

O Alcalde da resposta en síntese que esa empresa está limpando distintas rúas do concello e os costes non chegarán aos 3.000,00 euros. O grupo de goberno está recibindo felicitacións polos veciños polo servizo feito, de xeito rápido e barato en dúas das rúas principais do concello.

2.- UNIFOZ PREGUNTA CÁLES SON AS PARTIDAS FINANCIADAS POLA XUNTA PARA O SUPERPORTO

O Alcalde afirma que responderá no próximo pleno a esta pregunta.

3.- UNIFZO PREGUNTA CÁNDO VAI A TER LUGAR A REUNIÓN COA CONSELLEIRA DE SANIDADE

O Alcalde da resposta en síntese que non está na mao do Alcalde e non se deu cita todavía para esa reunión.

E non habendo máis asuntos a tratar, levántase a sesión cando son as 22 horas e 39 minutos do vintenoventa de decembro de 2011, do que como secretaria dou fe e certifico.

Vº Bº

O Alcalde,

Asdo.: Javier Jorge Castiñeira.